



COMUNICACIÓN ENTRE AS FAMILIAS E O CENTRO

Co ánimo de mellorar a comunicación do centro coas familias, dispoñemos das seguintes vías para obter información relativa ao curso escoar, actividades, absentismo, cualificacións, documentos...

- **abalarMóbil:** aplicación que permite ás familias consultar a información académica dos seus fillos a través do teléfono móbil desde calquera lugar. Ademais, esta aplicación proporciona avisos e información sobre diversas actividades e eventos. Pódese descargar dende Apple Store (se o sistema operativo é iOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android). Máis información en https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/quia_familias_novo_espazoabalar_galegov2.2.pdf
- **Páxina web** (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmiguelangelgonzalez/>): dende onde se acceder a diferentes informacións sobre axudas, bolsas e actividades que é aconsellable consultar de vez en cando. Ademais temos documentos que axudarán a aforar tempo, como por exemplo, solicitude de certificados. Tamén está dispoñible un enlace para os comunicados e información sobre a ANPA As Briñas.

Na nosa intención está reducir o consumo de papel nas diversas notas informativas que se envían ao longo do curso e o seu extravío por parte do alumnado.

FAMILIAS CON FILLAS/OS MAIORES DE IDADE

Cesión de datos: A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, define a cesión ou comunicación de datos como “*toda revelación de datos realizada a unha persoal distinta do interesado*”.

A regra xeral nesta materia é a necesidade de recadar consentimento das persoas afectas para realizar a cesión de datos. Sen embargo, o Protocolo de Protección de Datos publicado pola Consellería de Educación en abril de 2016, no apartado 4.1.1 reflicte o seguinte:

“Pola súa especial relevancia, faise preciso referirse a un recente informe da Axencia Española de Protección de Datos, respecto á procedencia de que os centros educativos poidan facilitar aos proxenitores dos/as alumnos/as maiores de idade as súas cualificacións.

*A AEPD considerou que, sen prexuízo das posibles circunstancias de cada caso concreto, se pode entender que **existe un interese lexítimo por parte dos proxenitores en coñecer as cualificacións dos seus fillos maiores de idade que, en xeral, pode prevalecer sobre o dereito dos fillos e fillas a que as ditas cualificacións non foran accesibles**, o que xustificaría este acceso á información polos proxenitores en aplicación da Directiva europea 95/467CE.”*

Por todo elo, como regra xeral, o centro informará sobre a evolución académica do alumnado maior de idade aos seus proxenitores, sen prexuízo das posibles circunstancias de cada caso concreto.

Aínda así, o alumnado maior de idade pode descargar a aplicación e proporcionar o número de rexistro para a instalación no móbil dos pais.

A dirección,

